

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal accidental, don Xosé Manuel Cao Rei, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:


**ACTA.-** Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 10 de decembro de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase conceder a licenza municipal de actividade de taller e exposición de maquinaria agrícola, como ampliación de almacén de maquinaria agrícola con licenza de apertura 174/92, e a licenza de obras para ampliación de planta primeira, reforma interior e legalización de ampliación en altura de nave existente con licenza 344/92 para taller e exposición de maquinaria agrícola, na estrada de Santiago, número 120, parroquia de Esperante (Santalla).

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para a construción de edificio para tres vivendas en dúplex, garaxe e rochos, en solo urbano na avda. Carlos Azcárraga, número 48; para legalización de obras en vivenda, así como a legalización de obras de conservación e mantemento en dúas edificacións preexistentes na terraza no piso 1º B, do edificio sito na avda. da Coruña, número 3; para instalación de plataforma salvaescaleiras en edificio de vivendas con licenza número 577/85, sito en solo urbano na avda. da Coruña, número 272; para a ampliación de ventá na vivenda 1º C, do edificio sito en solo urbano, na ronda das Fontiñas, número 118; para a apertura de ocios de fachada na planta baixa do edificio con licenza 746/05, sito na rúa Manuel María, número 40; para acondicionamento de fachada de local 2 da planta baixa do edificio con licenza número 686/95, sito en solo urbano na rúa Xoana de Castro, número 1; para instalación de ascensor no edificio con licenzas 882/73 e 168/89, sito en solo urbano na rúa San Isidro Labrador, número 19; para parcelamento da parcela matriz sita en Penarrubia, parroquia de Orbazai; para a execución de edificación de vivenda unifamiliar, incorporando e modificando o uso, da edificación existente que se agrega, na área de expansión con ordenación predeterminada no núcleo rural

Código Seguro de verificación:NgjcUw+jIEaRKEQb/XP2JA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	30/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3
			
NgjcUw+jIEaRKEQb/XP2JA==			

52.6 Vilar, número 10, parroquia de Santa Comba; e para a construción dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Bosende de Arriba, parroquia de Muxa (San Pedro Fiz).

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o Decreto número 14008541, do 18 de setembro de 2014, polo que se denega a licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar illada, sita en Muxa de Abaixo, número 61 - parroquia de San Salvador de Muxa, con licenza de obra número 68/06.

### ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

**3. PERSOAL.-** Acórdase modificar os acordos da Xunta de Goberno Local número 12/842 e número 12/33, adoptados nas sesións ordinarias celebradas os días 20.11.2013 e 22.01.2014, respectivamente, polos que se designaron os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado por este Concello para o acceso en propiedade a unha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal.

Tamén se acorda autorizar a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura con motivo da Cabalgata de Reis, e a apróbase a súa forma de compensación.

### ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN


**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescrición técnicas para a contratación da docencia especializada (formación específica) mediante 9 lotes no marco do proxecto "Lugo Emprego Activo 2" cofinanciado nun 80% pola UE a través do Fondo Social Europeo (código proxecto: 112410004). Lote 5- impresión dixital- reservado a centros especiais de emprego – para desenvolver no exercicio 2015, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a prórroga polo prazo dun ano do contrato do servizo de mantemento e conservación integral das áreas de xogos infantís existentes nos parques, xardíns e zonas verdes públicas municipais da cidade de Lugo, dende o 3 de decembro de 2014 ata o 2 de decembro de 2015

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase estimar en parte a solicitude de devolución de ingresos en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por duplicidade de pagamento ao

Código Seguro de verificación:NgjcUw+jIEaRKEQb/XP2JA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	30/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	NgjcUw+jIEaRKEQb/XP2JA==	PÁGINA 2/3



NgjcUw+jIEaRKEQb/XP2JA==

ter solicitado dúas veces licenza de obras para instalación dunha plataforma metálica sobre tellado para acceso a antena de recepción de televisión no edificio sito na praza Viana do Castelo, 5.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras 943/2010 outorgada para construír un edificio na rúa Yáñez Rebolo, 85-87.

### **ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**

**6. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a destimación do recurso de reposición interposto contra o Decreto número 14007655 ditado, con data 19/08/2014, pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade, e polo que se acorda, entre outros, a suspensión da subvención ao alugamento, convocatoria ano 2013.

### **ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

**7. ESTATÍSTICA.-** Acórdase a aprobación inicial da modificación dos límites das parroquias de San Xoán de Tirimol e San Vicente de Pías.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:NgjcUw+jIEaRKEQb/XP2JA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	30/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	NgjcUw+jIEaRKEQb/XP2JA==	PÁGINA 3/3

